



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

PLAN ACCIÓN SOCIAL 2010

Na reunión da Mesa de Acción Social do día de hoxe a AEAT informounos, en primeiro lugar, da execución do gasto de Acción Social correspondente ao ano 2009.

Cal foi a nosa sorpresa e indignación que a AEAT devolveu ás arcas do Estado, para paliar o déficit público, un remanente de máis de 410.000 euros cando aínda están por pagar as axudas de promoción (modalidades 2.1 e 2.2). E todo iso despois de que os responsables de RRHH non quixeran modificar prazo de presentación das instancias destas axudas, por estar o prazo pechado cando remataron os exames de promoción...¡¡isen comentarios!!!

Desde a CIG fixemos constar a nosa oposición frontal a esa decisión, adoptada, por suposto sen contar coa parte social. Averiguamos, tamén, a través dos "Presupuestos Generales del Estado da AEAT para 2010" que o crédito previsto para o gasto de Acción Social é da mesma contía que o do 2009 (uns 10 millóns de euros).

Informousenos, ademais que está prevista, na nómina de febreiro, o pago das axudas de idiomas do 2009.

Por outro lado, as propostas da AEAT para o Plan de Acción Social do 2010 son as seguintes:

- Revisar a axuda de xubilación, pois a baremación no cálculo de ingresos para outorgar esta axuda no 2009 prexudicou claramente aos solicitantes (ao tomar como referencia os ingresos familiares, en lugar dos ingresos do solicitante). A idea da AEAT é a de retomar a baremación anterior (só computar os ingresos do solicitante)
- Introducir a axuda de idiomas extranxeiros dentro do apartado das axudas por "estudo e cualificación profesional", obviamente sen transferir o crédito desde a partida de formación (partida onde estaba anteriormente).
- Deixar fixado previamente qué axudas se minorarán no caso de que non houbera crédito para pagalas...¿¿¿estarán pensando xa en non pagalas??? Non se entende moito esta proposición cando no 2009 devolveron cartos para paliar o déficit por "exceso de liquidez" nas contas de Acción Social

Quedamos para os vindeiros días 24 e 25 de febreiro para achegar as propostas da parte social e consensuar o Plan de Acción Social para o 2010.

Desde a CIG agradecemosvos que nos fagades chegar as vosas suxestións e propostas para conseguir o Plan de Acción Social que merecen os empregados da AEAT.

SEGUIREMOS INFORMANDO

10/02/2010

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44
Fax: 981 12 72 22
cigaeat@gmail.com

